

# 1. RESUMO DO PROCEDEMENTO

## ESQUEMA DE PROCEDEMENTO

Tipoloxía:	Procedemento resumido:	Prazos
SICUE	1.1. As Universidades asinan convenios por titulacións e por un determinado número de prazas e períodos.	Ata decembro de 2009
	1.2. As Universidades envían á CRUE a relación de novos acordos asinados antes do 15 de xaneiro de 2010. Publícase na páxina web da CRUE a relación de prazas ofrecidas polas Universidades españolas o 25 de xaneiro de 2010.	antes do 15 de xaneiro de 2010
	1.3. Prazo nacional de solicitude de mobilidade nas Universidades de orixe. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cada Universidade realiza a convocatoria do intercambio con todas as prazas dos acordos bilaterais que asinara</li> <li>- Establécese un período para presentar solicitudes</li> <li>- Os estudantes presentan ata tres opcións</li> <li>- Documentación:               <ul style="list-style-type: none"> <li>a. impreso de solicitude,</li> <li>b. fotocopia do DNI,</li> <li>c. Copia do expediente académico que indique as cualificacións obtidas ata o 30 de setembro de 2009</li> <li>d. Copia da súa matrícula actual</li> <li>e. memoria xustificativa da petición (máximo 2 folios)</li> </ul> </li> </ul>	Do 26/01 ao 19/02 do 2010
	1.4. Resolución polas Universidades de orixe <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Ordénanse as solicitudes consonte:               <ul style="list-style-type: none"> <li>Cumprimento de requisitos do intercambio SICUE</li> <li>Se non os cumpren, quedan excluídos.</li> <li>A selección dos estudantes abrangue dous apartados:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>1. Nota media: priorización de acordo co RD 1125/2003. As cualificacións ata o 30 de setembro de 2009.                       <ul style="list-style-type: none"> <li>Nos expedientes con notas non cualificadas de "0 a 10" utilizarase o baremo de conversión incluído nesta convocatoria.</li> </ul> </li> <li>2. Memoria ou xustificación da mobilidade: puntuación máxima 1 punto.</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>b) Repártense as prazas por orde de puntuación total. Non se poderán dar máis prazas que as aceptadas nos convenios</li> <li>c) Fanse públicos os resultados aos interesados</li> <li>d) Ábrese un prazo para posibles reclamacións</li> <li>e) Publícase a listaxe definitiva e establécese un prazo para renunciar ao intercambio</li> </ul>	Antes de 19 de marzo de 2010 10 días naturais

Tipoloxía:	Procedemento resumido:	Prazos
<b>EXPEDIENTE</b>	3.1. Cúbrese o acordo académico.	Antes do 15 de setembro de 2010
	3.2. O estudante leva a cabo a súa matrícula como estudante de intercambio no seu Centro de orixe.	periodo de matrícula da USC
	3.3. As universidades de orixe remitirán os nomes dos estudantes que van realizar intercambio ás universidades de destino e, unha vez que se incorporen, as universidades de destino comunicaranos ás universidades de orixe.	
	3.4. Os Centros remitirán as cualificacións en cada unha das convocatorias ás que teña dereito o estudante na Universidade de destino no modelo de Acta establecido.	Consonte convocatoria 10 días despois
	3.5. Unha vez finalizado o intercambio deberá presentar un informe da actividade desenvolvida (no caso de intercambio con bolsa Séneca)	Un mes máis tarde finalización
	3.6. Efectúanse os controis económicos e académicos que o Ministerio de Educación determine.	Fin de curso

## 2. NORMATIVA SICUE

### INTRODUCCIÓN

A *Red Universitaria de Asuntos Estudiantiles* (RUNAE) da *Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas* (CRUE) encargou a unha comisión a realización dun anteproxecto para facer realidade a mobilidade de estudantes entre centros universitarios españois. Esta comisión confeccionou o documento SICUE, que unha vez analizado por todos os vicerreitores que constitúen a RUNAE, foi aprobado polo PLENO o día 8 de xullo de 1999 en Castellón de la Plana. O 13 de xullo de 1999 o documento foi aprobado pola CRUE. Os Reitores das universidades españolas, o día 18 de febreiro de 2000, asinaron un convenio MARCO para o establecemento deste sistema de mobilidade de estudantes entre as universidades españolas. O documento SICUE e os seus formularios foron adaptándose en diversas reunións.

A adaptación máis recente ten data de 22 de outubro de 2008 e correspóndese cunha xuntanza do Comité Executivo da RUNAE.

A posta en marcha das estruturas recollidas no RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, fai precisa a inclusión de referencias aos estudos de grao na convocatoria para o curso 2010/11.

#### A) Principios xerais

Por medio deste sistema, os estudantes das universidades españolas poden realizar unha parte dos seus estudos noutra universidade distinta á súa, con garantías de recoñecemento académico e de aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular.

Este sistema de intercambio ten en conta o valor formativo do intercambio, ao facer posible que o estudante experimente sistemas docentes distintos, incluídos o réxime de prácticas, así como os distintos aspectos sociais e culturais doutras autonomías.

O intercambio de estudantes basearase na confianza entre as institucións, a transparencia informativa, a reciprocidade e a flexibilidade.

A adhesión por unha universidade a este sistema significará o compromiso de aceptación dunhas obrigas que afectan a distintos aspectos do seu funcionamento (en relación co intercambio), e supón que deberá facilitar ás demais universidades información sobre cursos, calendarios, etc. Asemade, comprometerase a empregar uns métodos de cualificación normalizados e a facelos chegar á Universidade de orixe en tempo e forma axeitados.

A tal fin establécense os seguintes principios:

1. Para asegurar que o estudante coñece ben o seu sistema docente, este intercambio deberá realizarse unha vez superado na universidade de orixe o indicado a seguir:

*Plans renovados*: ter superadas na súa universidade de orixe un mínimo de 30 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis en diplomaturas, enxeñarías técnicas e arquitectura técnica; 90 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis en licenciaturas, enxeñaría e arquitectura.

*Plans non renovados*: ter superadas na súa universidade de orixe como mínimo a metade das materias do primeiro curso da titulación en diplomaturas e enxeñarías ou arquitecturas técnicas e o equivalente a curso e medio en licenciaturas, enxeñarías ou arquitecturas, e estar matriculado en non menos da metade de materias do equivalente a un curso académico.

*Ensinanzas de Grao*: ter superados na súa universidade de orixe un mínimo de 60 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis.

O requisito de superación de créditos deberase cumprir a 30 de setembro de 2009.

2. Asemade, establécense os seguintes requisitos para os estudantes de titulacións de só segundo ciclo ou dun segundo ciclo que non resulte continuación directa do primeiro ciclo de orixe (segundo os plans de estudo anteriores ao RD 1393/2007 de 29 de outubro):

Para o primeiro ano destas titulacións non se poderá solicitar intercambio SICUE. O estudante poderá solicitalo unha vez que estea matriculado no primeiro curso, para o seguinte, sempre que cumpra os demais requisitos que establece esta

convocatoria. Para o número de créditos superados teranse en conta os seus estudos de primeiro ciclo.

Cálculo da nota media destes estudantes: terase en conta a media do primeiro ciclo máis os créditos que o estudante puidera ter superados a data de 30 de setembro do ano anterior ao da solicitude. É requisito para solicitar un intercambio SICUE nestes casos estar matriculados dun mínimo de 30 créditos.

3. Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os plans de estudo de máster e de doutoramento.
4. No caso de intercambios entre universidades presenciais e non presenciais, será requisito necesario para que poidan concederse que exista un cambio efectivo de residencia.

## **B) Acordos Bilaterais**

Estableceranse acordos bilaterais entre as distintas universidades para determinar os centros, titulacións, oferta de prazas e duración do intercambio. Estes acordos terán carácter indefinido sempre que non haxa ningunha cancelación por algunha das partes. Isto non impedirá formalizar acordos bilaterais novos ou ampliar os xa existentes que terán que realizarse antes da data indicada en cada convocatoria para que teñan validez no seguinte curso académico. Con todo, poderanse asinar acordos ao longo do ano, pero para comezar o seu funcionamento nun curso académico posterior.

Cada universidade designará unha persoa responsable da execución e coordinación do programa na súa institución. Considérase requisito imprescindible para participar no sistema de intercambio SICUE ter previamente subscrito o correspondente acordo bilateral coas distintas universidades.

As universidades poderán propor intercambios entre titulacións pertencentes a un mesmo sistema de ordenación das ensinanzas universitarias, se ben, durante o curso 2010-11 considerárase un período transitorio e aceptáranse os intercambios entre titulacións renovadas ou non renovadas e os novos estudos de Grao derivados da implantación do Espacio Europeo de Educación Superior. Poderanse aceptar solicitudes de estudantes de titulacións de Grao que substitúan a outros estudos, no mesmo acordo bilateral que os estudos que se extingan pola implantación destes Graos, sempre que os coordinadores vexan viable o acordo académico e se axusten as concesións ao número de prazas e período establecido no acordo bilateral. Non obstante, para o seu funcionamentos no curso 2011-12, deberán subscibir os correspondentes acordos bilaterais entre os estudos de grao das distintas Universidades.

Até o 15 de xaneiro do 2010 poderanse enviar á Secretaría Técnica do Programa SICUE os Acordos Bilaterais asinados para a presente convocatoria. Non se admitirá ningún convenio ou acordo bilateral recibido despois desta data. Unha vez recibidas tódalas modificacións publicarase, o 25 de xaneiro, na páxina web da CRUE a relación de prazas ofrecidas por tódalas Universidades, con indicación dos centros e as titulacións.

As universidades comprométese a informar á Secretaría Técnica do Programa SICUE sobre calquera cambio que se produza nos responsables institucionais do Programa, co fin de que se poida manter actualizado o Directorio de Coordinadores por Universidade, publicado na web da CRUE e poder deste xeito funcionar como cauce efectivo de información.

Todas as universidades participantes no Programa comprometeranse a elaborar un Documento informativo para todos os seus estudantes, que lles permita coñecer con profundidade as ofertas académicas noutras Universidades e os requisitos de acceso a este programa de mobilidade.

## **C) Acordos académicos (Impreso C)**

A mobilidade do estudante basearase no Acordo Académico. Este documento describirá a actividade que realizará no centro de destino que será recoñecido automaticamente polo centro de orixe.

Como base para os recoñecementos académicos pódese utilizar o sistema E.C.T.S. para os plans anteriores ao RD 1393/2007.

O número de convocatorias ás que ten dereito o estudante serán as que se levan a cabo na universidade de destino para esa materia e curso académico.

Poderanse cursar optativas do plan de estudos da universidade de destino, non incluídas no plan de estudos da universidade de orixe, incorporándoas posteriormente ao expediente do alumno na universidade de orixe como optativas ou como libre elección.

O acordo académico aceptado polas tres partes implicadas (alumno, centro de orixe e centro de destino) terá carácter oficial de contrato vinculante para os asinantes e só poderá modificarse no prazo dun mes a partir da incorporación do estudante ao centro de destino.

En ningún caso poderán ser incluídos nos acordos académicos materias cualificadas con suspenso con anterioridade no centro de orixe. Si poderán incluírse materias matriculadas pero ás que o estudante non se presentara e aparezan cualificadas con "non presentado".

As universidades non asinarán acordos académicos cunha temporalidade diferente á suscrita nos acordos bilaterais.

O procedemento cos acordos será o seguinte:

1. No momento da solicitude de intercambio asinará na solicitude de mobilidade o coordinador da universidade de orixe (co fin de que poida asesoralo sobre os planos de estudo da universidade de destino, e lle sirva de orientación para a xustificación da memoria que deberá presentar o estudante).
2. Unha vez concedido o intercambio SICUE, deberá cubrirse o acordo académico que será asinado polo coordinador e o decano do centro de orixe. Unha vez que se incorpore o estudante á universidade de destino será asinado o acordo académico polo coordinador e decano do centro de destino.
3. A estancia na universidade de destino terá unha duración de 3, 4, 6 ou 9 meses.
4. Un mesmo beneficiario non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma universidade, nin máis dun en cada curso académico.

#### **D) Procedemento de solicitude (Impreso A)**

1. As universidades divulgarán a convocatoria entre os seus estudantes e darán máxima publicidade á mesma no tempo e forma establecidos co fin de que se beneficie deste programa o maior número posible de estudantes.
2. Os estudantes que reúnan os requisitos mencionados nos apartados anteriores e desexen participar no programa de mobilidade SICUE deberán presentar, no lugar que determine a súa universidade de orixe, a seguinte documentación:
  - Impreso de solicitude de mobilidade (máximo 3 opcións por estudante).
  - Memoria xustificativa da súa petición (máximo 2 folios).
  - Fotocopia do expediente académico
  - Fotocopia da súa matrícula actual
  - Fotocopia do DNI
3. Prazo: do 26 de xaneiro ao 19 de febreiro de 2010, en todas as universidades.

#### **E) Selección de candidatos**

A selección de candidatos para participar nos intercambios farase valorando os aspectos académicos e a xustificación e interese da proposta de mobilidade. As solicitudes ordenaranse consonte o cumprimento dos requisitos de intercambio SICUE (nº de créditos ou materias superadas, nº de créditos ou materias matriculadas, non solicitar intercambio de materias suspensas e que o período de intercambio coincida co indicado nos convenios bilaterais). Aos estudantes que non cumpran estes requisitos seralles denegada a petición sen entrar a valorar o seu expediente académico.

A selección dos estudantes comprenderá dous apartados diferentes:

- a) Nota media de cualificación
- b) Memoria xustificativa (máximo 1 punto)

Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas até o 30 de setembro de 2009.

Terase en conta unicamente a cualificación obtida na última convocatoria, agás o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador.

Cando se trate de titulacións de segundo ciclo, a nota media calcularase tendo en conta as cualificacións obtidas nos estudos de primeiro ciclo dende os que se accede a nova titulación. Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no

centro de procedencia e o recoñecemento de créditos en que non exista cualificación non se terá en conta a efectos de ponderación.

A nota media do expediente académico de cada estudante calcularase de acordo co establecido no artigo 5 do RD 1125/2003; é dicir: suma dos créditos obtidos polo estudante multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, de acordo co baremo recollido en dito RD, e dividida polo número de créditos totais obtidos polo estudante. Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plano de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán a efectos de cómputo da media do expediente académico.

Naqueles casos en que nun expediente non figuren, en todas ou nalgunhas das materias, a cualificación numérica recollida no baremo do artigo 5.4 do RD 1125/2003, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de Honra	10,00 puntos
Sobresaliente	9,00 puntos
Notable	7,50 puntos
Aprobado	5,50 puntos
Suspense	2,50 puntos

A selección dos candidatos en cada Universidade de orixe realizarase por unha Comisión constituída *ad hoc* presidida polo representante da Institución. As prazas distribuiranse por orde de puntuación. Non se poderán adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais.

Relacionaranse os estudantes por orde de puntuación dentro de cada universidade e titulación. A universidade de orixe comunicará aos interesados a resolución de mobilidade SICUE antes do 19 de marzo de 2010. Cando as universidades comunican a aceptación de mobilidade, informarán aos beneficiarios da posibilidade de solicitar unha bolsa SÉNECA ou similar nos termos que procedan, e achegaráselles o correspondente impreso cumprimentado cos datos que se coñezan do interesado.

En cada universidade abrírase un prazo de 10 días naturais para efectuar reclamacións, de acordo co apartado F). Unha vez que se resolvan as reclamacións, e ao mesmo tempo que se envíen ao Ministerio de Educación, enviarase á CRUE a resolución definitiva, (Impreso B). O resto de candidatos que reúna os requisitos pasará a formar parte das listas de agarda, por se se producisen renuncias, ordeadas por rigorosa orde de puntuación, consonte cos criterios establecidos en cada universidade. Estas renuncias só serán atendidas mentres non prexudiquen procesos posteriores (por exemplo a convocatoria das bolsas SÉNECA).

## **F) Reclamacións**

En caso de denegación da solicitude, o interesado poderá reclamar perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo máximo de 10 días naturais, cando concorran unicamente algunhas das circunstancias seguintes:

- a. Que se incorrese en erro a causa de interpretación errada dos documentos achegados ou da valoración do seu expediente académico.
- b. Que aparezan ou se acheguen novos documentos de valor esencial para a resolución.
- c. Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.

## **G) Matrícula**

Antes de formalizar a matrícula correspondente na universidade de orixe, deberá estar asinado o acordo académico pola universidade de orixe e o interesado. A matrícula realizarase na universidade de orixe, nas datas que cada universidade determine. Os estudantes deberán dirixirse á unidade administrativa correspondente da universidade de aollida, achegando: exemplar do acordo académico debidamente asinado pola universidade de orixe, e que se

asinará na universidade de destino e devolverase á de orixe do estudante nun prazo non superior a 40 días a contar dende a súa incorporación.

Os alumnos poderán cursar materias nas dúas universidades, mentres dure o intercambio. Na universidade de orixe poderán cursar materias suspensas, virtuais, a distancia, etc.

Os estudantes participantes no intercambio aboarán as taxas de matrícula exclusivamente no centro de orixe. As taxas de docencia e outras, se as houbera, corren a cargo do estudante.

#### **H) Adscrición**

Durante a duración do Programa de Intercambio, os estudantes serán alumnos do centro de orixe a todos os efectos, e gozarán tanto dos dereitos académicos como das obrigas dos alumnos do centro de destino.

#### **I) Recoñecemento de estudos**

Para o recoñecemento de estudos deberase remitir un certificado por estudante co formato do centro de orixe debidamente asinado.

#### **J) Certificado de chegada**

O centro de destino, tan pronto se incorporen os estudantes ás respectivas titulacións, deberá comunicalo ao centro de orixe, indicando a data da incorporación.

#### **K) Penalización**

Se un estudante que obtivo praza non se incorpora ao intercambio sen presentar renuncia será penalizado e quedará excluído da posibilidade de intercambio durante un curso.

## L) Cadro de funcións

<p>Responsable institucional</p> <p>Reitor da Universidade de Santiago de Compostela Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro</p>	
<b>Representantes da Universidade</b>	<b>Funcións</b>
<p>Vicerreitoría de Política Internacional</p> <p>Agustín Merino García Vicerreitor de Política Internacional</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinar e promover SICUE na Universidade</li> <li>- Encargado da sinatura de acordos bilaterais.</li> <li>- Convocatoria institucional.</li> <li>- Presidir a selección de candidatos/as SICUE.</li> <li>- Enviar as listaxes de coordinadores á CRUE.</li> <li>- Recepción dos estudantes de intercambio.</li> </ul>
<b>Representantes de los Centros</b>	<b>Funcións</b>
<p>Responsable Académico de Movilidad</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinar e promover SICUE nos Centros.</li> <li>- Convocar e presidir as comisións de selección dos estudantes.</li> <li>- Recepción de estudantes do Intercambio en colaboración coa Vicerreitoría encargada do programa por parte da Universidade.</li> <li>- Coordinar a xestión dos Acordos de cada Centro.</li> </ul>
<p>Coordinador do Centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecer contactos con coordinadores doutros Centros universitarios.</li> <li>- Formar parte da comisión de selección de candidatos/as, de ser o caso.</li> <li>- Elaborar os Acordos Académicos, asinalos xunto cos estudantes e autorizar as súas modificacións.</li> <li>- Asinar a Acta dos estudantes que realizan a mobilidade na súa Universidade.</li> <li>- Facer as propostas de resolución de recoñecemento de estudos.</li> </ul>
<p>Responsables de Unidades de Apoio á Xestión dos Centros</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Información aos estudantes sobre a oferta, condicións e trámites da mobilidade.</li> <li>- Colaborar na selección de estudantes que realizarán o intercambio.</li> <li>- Remisión de Acordos Académicos</li> <li>- Xestión de altas e baixas</li> </ul>
<p>Secretario do Centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sinatura da Acta, tanto da Universidade de orixe como da de destino.</li> </ul>
<p>Oficina de Relacións Exteriores</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar e tramitar as solicitudes de mobilidade.</li> </ul>

## **M) Bolsas**

Este programa de intercambio está apoiado por varios tipos de bolsas:

a. Programa de subvencións para a mobilidade de estudantes – SÉNECA:

O Ministerio de Educación apoia o SICUE coa convocatoria de bolsas SÉNECA que debería manter os mesmos requisitos esixidos para o SICUE.

O prazo de presentación de solicitudes e o resto de requisitos será o que se estableza na convocatoria que faga o Ministerio de Educación, que é publicada no B.O.E. e na páxina web <https://www.educacion.es/portada.html>

É conveniente facer ver que as universidades participantes no programa SÉNECA deben respectar coa máxima rigorosidade tanto os requisitos que establece o devandito programa coma os prazos fixados para a achega de solicitudes e, polo tanto, remitir á Dirección Xeral de Política Universitaria só aquelas solicitudes que acaden a puntuación mínima requirida de acordo co baremo establecido nas bases da convocatoria SÉNECA.

b. Outras bolsas (autonómicas, de institucións públicas ou privadas):

As Universidades e a CRUE difundirán estas convocatorias en tempo e forma, e procurarán que os formularios difiran o menos posible dos deste programa, para facilitar a solicitude de apoio económico.